

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xuño 2006 COMUNICADO

### Continúa a desaceleración no crecemento dos prezos das importacións e das exportacións en xuño de 2006.

**O índice de prezos das exportacións creceu un 2,2% en xuño de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 2,2% en xuño de 2006 con respecto a xuño de 2005. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada o mesmo crecemento do 2,2%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 3,0%, os bens equipo creceron un 5,7% e os bens intermedios creceron un 0,2%.

**O índice de prezos das importacións creceu un 5,6% en xuño de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 5,6% en xuño de 2006 con respecto a xuño de 2005. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións tamén creceron un 5,6%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo decreceron un -1,6%; pola contra, os bens equipo e os bens de intermedios creceron un 4,1% e un 9,6% respectivamente.


#### Índices de valor unitario. Xuño 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	99,3	2,2%	4,7%
Importacións/introduccións	107,2	5,6%	9,2%
<b>Datos corrixidos de estacionalidade</b>			
Exportacións/expedicións	100,6	2,2%	4,7%
Importacións/introduccións	106,3	5,6%	9,2%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>